B.3.11. Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos.	LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a recoñece a postura de cada emisor.	CLC,CSC	Interpretar o sentido dunha mensaxe en función do contexto de produción e identificar a intención comunicativa do emisor
B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da	LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura. LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega. LGB4.1.3. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural	CCL,CSC,CD	Recoñecer a lingua como o instrumento de comunicación máis eficaz para o intercambio comunicativo entre individuos. Recoñecer a lingua como Elemento fundamental da identidade sociocultural e histórica dos grupos humanos, e identificar o galego como a lingua propia de Galicia. Diferenciar os conceptos

lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural.	da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura.		de bilingüismo social, de bilingüismo individual e de diglosia. Identificar o concepto de bilingüismo, ou plurilingüismo, inclusivo. Recoñecer a competencia lingüística en dúas ou máis linguas como un beneficio intelectual para os individuos que a posúen.
B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega.	LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia. LGB4.2.3. Identifica os castellanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.	CCL,CSC,CD	Explicar, fundamentándose en datos extraídos da realidade social, se o galego e o castelán son utilizados de forma equilibrada nos mesmos ámbitos e situacións de intercambio comunicativo. Aplicar os conceptos de bilingüismo e de diglosia á situación sociolingüística galega e explicar que conclusión se pode extraer.
B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.6.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	CCL,CSC	Definir que é un prexuízo lingüístico, poñer exemplos de prexuízos lingüísticos con respecto á lingua galega e explicar a propia postura con respecto a eses prexuízos.
B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.	LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916. LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais	CCL	Recoñecer as definicións de literatura, de xéneros literarios e das súas clases. Identificar os principais subxéneros dentro de cada xénero. Recoñecer os grandes períodos (Lírica Medieval, Séculos Escuros) da historia da literatura

	trazos característicos.		galega.
--	-------------------------	--	---------

2. Avaliación e cualificación		
Avaliación	Procedementos	No caso concreto deste alumnado, os criterios de cualificación van consistir sempre na realización de TODOS OS EXERCICIOS PROPOSTOS dentro do período estipulado, así como unha certa calidade no contido e orde na presentación. De non se entregaren as tarefas no prazo establecido, isto vai conlevar a penalización correspondente, ou sexa, o feito de non teren sidos en conta.

		<p>Non está previsto realizar ningún tipo de exame, sexa este presencial ou non. Ademais, tamén será valorada, aínda que de xeito secundario, a comunicación co profesorado e a actitude xeral fronte á materia.</p> <p>No caso específico do alumnado deste alumnado só se van cualificar as tarefas esixidas durante o 3º trimestre, quedando os criterios de cualificación como seguen:</p> <p>ACTITUDE (10%) TRABALLO REALIZADO (90%)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actitude xeral fronte á materia. • Puntualidade na entrega dos traballos xunto con orde e limpeza no desenvolvemento dos mesmos xunto coa comunicación co profesorado (realización de todo tipo de preguntas, dúbidas e consultas): 10%. • Entrega periódica e completa das tarefas estipuladas coa debida corrección ou, polo menos, coa intención de esforzo e superación da materia: 90%.
	Instrumentos	No caso específico deste alumnado só se van cualificar as tarefas esixidas durante o 3º trimestre.
	Cualificación final	<p>A cualificación final no mes de xuño vai tomar como punto de partida a media das cualificacións do 1º e 2º trimestres.</p> <p>A cualificación final da convocatoria ordinaria poderá ser positiva se:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A cualificación media da 1ª e 2ª avaliación foi superior ou igual a 5. 2. Tendo cualificación media da 1ª e 2ª avaliacións inferior a 5, o alumnado realizou de forma satisfactoria todas as tarefas de reforzo e recuperación propostas para o 3º trimestre de forma non presencial. <p>A cualificación final da convocatoria ordinaria será negativa se:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A cualificación media da 1ª e 2ª avaliación foi inferior a 5. 2. O/a alumno/a non fai entrega das tarefas de recuperación e reforzo dos trimestres 1º e 2º sen causa xustificada ou ben fai entrega destas tarefas sen calidade suficiente. O nivel de eficiencia na elaboración das tarefas, o cumprimento dos prazos e a constatación por parte do profesorado de que se estivo realizando un esforzo persoal de mellora e recuperación, poderá subir a cualificación final ata nun 10% da media inicial.
	Proba extraordinaria de setembro	<ul style="list-style-type: none"> • Será realizada, en principio, de xeito presencial. De non ser posible, será levada a cabo de maneira telemática .

	<ul style="list-style-type: none"> • Terá un formato similar ás probas obxectivas que se fixeron na Primeira e na Segunda Avaliación. • Os contidos xerais da mesma estarán baseados non estándares de aprendizaxe avaliábeis que se consignan no Punto 1 desta Programación Adaptada.
Avaliación de materia pendentes	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>O alumnado con materias pendentes recibiu durante o tempo presencial as instrucións relativas aos criterios e procedementos de avaliación das mesmas.</p> <p>Ao alumnado de ESO proporcionóuselle material fotocopiado no que aparecen os contidos conceptuais e procedimentais que se axustan aos estándares de aprendizaxe avaliábeis correspondentes aos contidos mínimos esixibles para este alumnado.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O alumnado que presentou as tarefas asignadas no material que se lle entregou e superou a proba realizada en xaneiro será avaliado positivamente segundo o traballo presentado, sendo a cualificación mínima de aprobado (5). • O alumnado que non presentou as tarefas asignadas e non superou a proba realizada en xaneiro, ou non se presentou a ela, realizará unha proba obxectiva especial telemática ou se é o caso de forma presencial durante o mes de xuño, obtendo como cualificación a que se derive do resultado desa proba.
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os contidos da proba específica telemática que se realizará durante o mes de xuño, serán tomados do material proporcionado durante o curso. • O mesmo procedemento será levado a cabo na proba extraordinaria de setembro.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As tarefas propostas ao alumnado para a 3ª avaliación van ser de repaso, reforzo e, no seu caso, recuperación, do temario visto na 1ª e 2ª avaliacións.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen)	A metodoloxía vai consistir sobre todo na realización destas actividades co fin de recuperar o alumnado reprobado na 1ª e/ou 2ª avaliacións, seguindo o contido das unidades didácticas presentes no libro de texto

conectividad):	correspondente. No caso do alumnado de 1º, 2º e 3º ESO as actividades obrigatorias van ser realizadas e enviadas unicamente a través do e-mail @iesdesar.org, para o seu seguimento e avaliación; o contacto co alumnado e titorización vai ser diario a través deste medio.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto correspondente a cada curso. • Material doutros libros complementarios

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O profesorado informará ao alumnado dos aspectos que lle son de interés desta Programación Adaptada a través da Classroom e do seu correo electrónico corporativo.
Publicidade	Publicarase un extracto para o alumnado e as familias na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE SAR
CURSO: 2019-20
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA – 4º ESO
DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

4º ESO

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.	LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais). LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión. LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto. LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos. LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	CCL,CCA	Resumir o contido dun texto e/ou elaborar un esquema no que se recollen as ideas principais. Buscar información nun texto para responder a determinadas cuestións. Obter información relativa a un tema a partir da lectura dun texto nun rexistro culto e comprender o significado do léxico presente nel.
B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet	LGB2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.	CCL,CD	Comprender e interpretar textos do ámbito educativo.
B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos	LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos. LGB2.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados	CCL	Interpretar a intención do autor dun texto argumentativo e reflexionar sobre determinadas cuestións que lle suxire a súa lectura.

	nun texto.		Ser quen de interpretar o significado de dúas afirmacións contidas nun texto..
B2.5. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión	LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.	CCL,CSC	Indicar como se relaciona o título dun artigo co contido dese mesmo artigo. Diferenciar e explicar as diferenzas que existen entre un texto expositivo argumentativo e un artigo de opinión.
B2.7. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias	LGB2 7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias. LGB2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.	CCL,CSC	Reflexionar sobre o uso de termos ofensivos e politicamente incorrectos para referirse a determinados pobos ou colectivos sociais.
B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.	LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes. LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.	CCL,CD, CAA, CSC	Buscar información sobre temas e personaxes relevantes na historia de Galicia.
B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e	LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais). LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo. LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros	CCL,CD,	Planificar unha prosposta de proxecto definindo en primeiro termo os obxectivos, os medios dos que se dispón e o plan de traballo. Redactar a prosposta de proxecto seguindo unha estrutura proposta. Revisar o texto para comprobar que empregou os trazos lingüísticos e formais dos textos expositivos.

revisión	<p>elementos de cohesión.</p> <p>LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.</p> <p>LGB2.9.5. Revisa o texto Para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.</p>		
B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións	<p>LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.</p> <p>LGB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas etc.</p> <p>LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.</p>	CCL,CD,CAA, CSC	Empregar as TIC para mellorar a presentación de traballos e facilitar a corrección de textos escritos.
B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información	LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	CCL, CD, CSC	Producir textos argumentativos elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información. Resumir un texto sen

obtida de distintas fontes	LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa. LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida.		parafrasealo.
B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.	LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais. LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	CCL, CAA	Recoñecer e explicar o significado de léxico variado relacionado con determinados temas. Recoñecer o significado de diferentes expresións propias da lingua galega e facer un uso correcto
B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.	CCL,CAA	Recoñecer e usar correctamente perífrases e formas verbais.
B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.	LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica. LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.	CCL,CAA	Recoñecer e usar os procedementos de creación de novas palabras. Identificar prefixos e sufixos e empregar a prefixación e a sufixación.
B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas,	LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar	CCL, CD	Saber usar os dicionarios e as TIC para resolver dúbidas e ampliar o léxico

para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.	na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.		
3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega	LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos. LGB3.6.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL, CAA	Respectar as normas gramaticais en textos orais e escritos e recoñecer o valor funcional e social das mesmas
B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	CCL	Usar correctamente a puntuación.
B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polos verbos.	LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente. LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega. LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.	CCL,CAA	Recoñecer e clasificar enunciados. Recoñecer os complementos dunha oración. Clasificar oracións segundo a modalidade e a natureza do predicado.
B3.9. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	CCL, CAA	Localizar os conectores dun texto e explicar o seu valor.

<p>B3.10. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.</p>	<p>LGB3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas. LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos. LGB3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos. LGB3.10.4. Elaborar textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.</p>	<p>CCL,CAA</p>	<p>Identificar a estrutura dun texto. Elaborar textos cunha estrutura apropiada de acordo a uns parámetros.</p>
<p>B3.12. Xustifica a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada.</p>	<p>LGB3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual. LGB3.12.2. Elaborar producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.</p>	<p>CCL,CAA</p>	<p>Xustificar a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual e ser quen de elaboralas correctamente.</p>
<p>B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas no mundo do século XX.</p>	<p>LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura. LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura. LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.</p>	<p>CCL, CSC, CD, CCEC</p>	<p>Valorar as linguas como medio de expresión, de relación interpersonal e como sinal de identidade. Coñecer os territorios lusófonos e a importancia da lusofonía.</p>
<p>B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística</p>	<p>LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación</p>	<p>CCL, CSC, CD</p>	<p>Coñecer a situación sociolingüística de Galicia. Analizar a situación da lingua</p>

de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución	galega actual.		a partir da súa situación actual.
B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega. LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno. LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	CCL,CSC	Valorar a contribución individual no proceso de normalización da lingua. Diferenciar claramente entre normalización e normativización.
B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.	LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas. LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	CCL, CCEC, CD	Recoñecer a importancia das Irmandades da Fala na evolución social do galego. Coñecer os acontecementos máis importantes da historia social do galego e as distintas etapas desde 1916 ata 1975. Identificar as causas e as consecuencias deses feitos.

B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente	CCL,CSC	Coñecer o que é un prexuízo. Detectar e analizar a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno e rebatelos argumentalmente.
B5.4. Elaborar Traballos individuais e/ou en grupos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	CCL	Elabora traballos individuais analizando textos representativos dalgúns dos autores e das autoras ata 1975.
B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes	LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	CCL, CD	Emprego de recursos das TIC e consulta doutras fontes de información para a realización de traballos.
B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos	CCL, CCEC	Os indicados nos estándares.

2. Avaliación e cualificación

		PARTICIPACIÓN	TRABALLO REALIZADO								
Avaliación	Procedementos	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de ensino-aprendizaxe a través da Classroom de Google. • Actividade de instrución a través de videoconferencia. • Labor de titoración da materia a través de Classroom e do correo electrónico do IES de Sar. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de ensino-aprendizaxe a través da Classroom de Google. • Actividades de instrución a través de videoconferencia. • Utilización do libro de texto e outros materiais de diferentes fontes. • Labor de titoración da materia a través da Clasroom e do correo electrónico do IES de Sar. 								
	Instrumentos	<ul style="list-style-type: none"> • Asistencia ás actividades telemáticas. • Participación nas clases. • Comunicación co profesorado. • Actitude xeral fronte á materia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos de investigación. • Comentarios de texto. • Exercicios. • Probas obxectivas, no caso de seren precisas. 								
Cualificación final		<p style="text-align: center;">PONDERACIÓN DO TRABALLO DO ALUMNADO NO TERCEIRO TRIMESTRE:</p> <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 50%; text-align: center;">PARTICIPACIÓN (50%)</th> <th style="width: 50%; text-align: center;">TRABALLO REALIZADO (50%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Asistencia e participación nas actividades telemáticas..... 30%</td> <td>Traballos de investigación/Comentarios/Exercicios.....25%</td> </tr> <tr> <td>Comunicación co profesorado..10%</td> <td>Probas obxectivas, no caso de seren precisas.....25%</td> </tr> <tr> <td>Actitude xeral fronte á materia.10%</td> <td></td> </tr> </tbody> </table> <p style="font-size: small; text-align: center;">NOTA: no caso de non seren necesarias as probas obxectivas, os traballos de investigación/comentarios/exercicios computarían o 50% e viceversa.</p>		PARTICIPACIÓN (50%)	TRABALLO REALIZADO (50%)	Asistencia e participación nas actividades telemáticas..... 30%	Traballos de investigación/Comentarios/Exercicios.....25%	Comunicación co profesorado..10%	Probas obxectivas, no caso de seren precisas.....25%	Actitude xeral fronte á materia.10%	
PARTICIPACIÓN (50%)	TRABALLO REALIZADO (50%)										
Asistencia e participación nas actividades telemáticas..... 30%	Traballos de investigación/Comentarios/Exercicios.....25%										
Comunicación co profesorado..10%	Probas obxectivas, no caso de seren precisas.....25%										
Actitude xeral fronte á materia.10%											
<p>CUALIFICACIÓN GLOBAL NO CURSO DESDE A VALORACIÓN DO TRABALLO REALIZADO NO TERCEIRO TRIMESTRE</p> <p>En xuño, a cualificación final tomará como punto de partida a media das cualificacións do 1º e 2º trimestres.</p>											

A cualificación final da convocatoria ordinaria será positiva se:

1.- A cualificación media da 1ª e 2ª avaliación foi superior ou igual a 5.

2.- Tendo cualificación media da 1ª e 2ª avaliacións inferior a 5, o alumnado realizou de forma satisfactoria todas as tarefas de reforzo e recuperación propostas para o 3º trimestre de forma non presencial.

A cualificación final da convocatoria ordinaria será negativa se:

1.- A cualificación media da 1ª e 2ª avaliación foi inferior a 5.

2.-O/a alumno/a non fai entrega das tarefas de recuperación e reforzo dos trimestres 1º e 2º sen causa xustificada o fai entrega destas tarefas sen calidade suficiente.

O nivel de eficiencia na elaboración das tarefas, o cumprimento dos prazos e a constatación por parte do profesorado de que se estivo realizando un esforzo persoal de mellora e recuperación, poderá subir a cualificación final ata nun 10% da media inicial.

Proba extraordinaria de setembro	<ul style="list-style-type: none">• Será realizada, en principio, de xeito presencial. De non ser posible, será levada a cabo de maneira telemática .• Terá un formato similar ás probas obxectivas que se fixeron na Primeira e na Segunda Avaliación.• Os contidos xerais da mesma estarán baseados nos estándares de aprendizaxe avaliados que se consignan no Punto 1 desta Programación Adaptada.
Avaliación de materia pendentes	<p>Criterios de avaliación: O alumnado con materias pendentes recibiu durante o tempo presencial as instrucións relativas aos criterios e procedementos de avaliación das mesmas.</p> <p>Ao alumnado de ESO proporcionóuselle material fotocopiado no que aparecen os contidos conceptuais e procedimentais que se axustan aos estándares de aprendizaxe avaliados correspondentes aos contidos mínimos esixibles para este alumnado.</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none">• O alumnado que presentou as tarefas asignadas no material que se lle entregou e superou a proba realizada en xaneiro será avaliado positivamente segundo o traballo presentado, sendo a cualificación mínima de aprobado (5).• O alumnado que non presentou as tarefas asignadas e non superou a proba realizada en xaneiro, ou non se presentou a ela, realizará unha proba obxectiva especial telemática ou se é o caso de forma presencial durante o mes de xuño, obtendo como cualificación a que se derive do resultado desa proba. <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none">• Os contidos da proba específica telemática que se realizará durante o mes de xuño, serán tomados do material proporcionado durante o curso.• O mesmo procedemento será levado a cabo na proba extraordinaria de setembro.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de ensino-aprendizaxe a través da Classroom de Google. • Actividades de instrución a través de videoconferencia. • Traballos de investigación. • Comentarios de texto. • Exercicios. • Probas obxectivas, no caso de seren precisas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Alumnado con conectividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Indicación e realización de tarefas, así como a súa corrección, por medio da Classroom de Google, utilizando os recursos que esta proporciona. • Explicación de contidos e aclaración de dúbidas por medio de videoconferencia. • Uso doutros recursos telemáticos (correo electrónico corporativo do IES de Sar e Espazo Abalar).
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto correspondente a cada curso. • Documentos elaborados polo profesorado, aproveitados doutros materiais impresos ou baixados da Rede. • Classroom de Google. • Sistema de videoconferencia. • Outros recursos online: Espazo Abalar, correo electrónico corporativo do IES de Sar.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O profesorado informará ao alumnado dos aspectos que lle son de interese desta Programación Adaptada a través da videoconferencia e do seu correo electrónico corporativo.
Publicidade	Publicarase un extracto para o alumnado e as familias na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE SAR

CURSO: 2019-20

MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA – 1º BACHARELATO

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1º BACHARELATO

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave	Mínimos esixidos
B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.	LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe. LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto. LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.	CCL,CAA,CS C,CD	Usar técnicas de síntese do contido dos textos: esquemas e resumos. Interpretar o sentido global dos textos e dar unha opinión. Distinguir temas e subtemas
B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada. LGB2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro. LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións. LGB2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística. LGB2.2.5. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL,CSC	Compoñer textos escritos que cumpran as propiedades textuais.
B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema	LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaos).	CCL,CD,CAA CCL,CAA	Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e argumentativos. Distinguir as ideas principaise secundarias en

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave	Mínimos esixidos
especializado do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.	<p>LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>LGB2.3.3. Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito académico.</p> <p>LGB2.3.4. Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual.</p> <p>LGB2.3.5. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.</p> <p>LGB2.3.6. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p>		<p>textos expositivos e argumentativos.</p> <p>Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e argumentativos sobre distintas materias curriculares empregando léxico adecuado.</p>
B2.5. Caracterizar, identificar e producir textos descritivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.5.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares.	CCL,	Os indicados no estándar.
B2.6. Caracterizar, identificar e producir textos expositivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos.	CCL	Os indicados no estándar.

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave	Mínimos esixidos
B2.7. Caracterizar, identificar e producir textos narrativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.7.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos.	CCL	Producir, identificar e analizar a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos.
B2.9. Caracterizar, identificar, analizar e producir textos dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.9.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados.	CCL	Producir, identificar e analizar a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados.
B2.10. Planificar, producir e revisar textos de investigación a partir da información obtida en fontes impresas e dixitais e con axuda dos recursos que ofrecen as TIC.	LGB2.10.1. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo. LGB2.10.2. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais. LGB2.10.3. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	CCL,CD,CAA	Organizar e estruturar os contidos de textos de investigación. Usar as TIC para buscar información, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.
B3.2. Recoñecer e utilizar os diferentes rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais valorando a importancia de usar o rexistro axeitado a cada momento.	LGB3.2.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa. LGB3.2.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas.	CCL,CSC	Identificar as características dos rexistros lingüísticos en textos orais e escritos.
B3.3. Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros	LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de	CCL,CSIEE,CAA	Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros que cumpran as regras de corrección gramatical e as

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave	Mínimos esixidos
